

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: NADAL LÚDICO 2025

EXPEDIENTE: 17662/2025

ANTECEDENTES:

O Nadal Lúdico é unha oferta educativa e de ocio concibida para conciliar a vida laboral e familiar dos veciños e veciñas de Ames durante o período non lectivo do nadal, concretamente para o ano 2025, do día 22 de decembro de 2025 ata o día 7 de xaneiro de 2026. As normas de organización e funcionamento de dito programa están reguladas no “Regulamento de funcionamento dos programas lúdicos do Concello de Ames” publicado no BOP núm. 86, de 8 de maio de 2019 e no BOP núm. 243, de 26 de decembro de 2022.

O servizo está dirixido aos nenos e nenas de Ames que durante o prazo de inscrición estean escolarizados no 2º ciclo de Educación Infantil e Primaria.

Segundo establece o artigo 12 de dito Regulamento, os lúdicos desenvólvese en Bertamiráns e no Milladoiro, nos locais habilitados polo Concello e que se farán públicos en cada convocatoria nas oficinas de O Milladoiro e Bertamiráns, e tamén na páxina web do Concello “www.concellodeames.gal”.

Tendo en conta o número de horas de prestación de servizo que ten contratadas o Concello, é necesario establecer o número máximo de usuarios por centro e por nivel de infantil e primaria.

Á vista de todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º.- Iniciar o prazo de inscrición para o servizo de conciliación da vida laboral e familiar do Concello de Ames denominado “Nadal Lúdico 2025”

Dito prazo de inscrición estará aberto desde o 13/10/2025 ata o 27/10/2025, ámbolos dous días incluídos.

2º.- Informar que os días de desenvolvemento do programa e os centros habilitados para a súa realización son os seguintes:

Días desenvolvemento do programa: 22, 23, 24, 26, 29, 30 e 31 de decembro de 2025 e o 2, 5 e 7 de xaneiro de 2026.

Lugares habilitados:

Milladoiro

Escola de Educación Infantil de Milladoiro: para os/as alumnos/as matriculados durante o curso 2025/2026 nalgún dos niveis do segundo ciclo de educación infantil. .

CEP de Ventín: para os/as alumnos/as matriculados/as durante o curso 2025/2026 nalgún dos niveis de educación primaria.

Bertamiráns

CEIP de Maía: para os/as alumnos/as matriculados durante o curso 2025/2026



nalgún dos niveis do segundo ciclo de educación infantil e educación primaria.

3º.- As prazas estimadas dispoñibles para este programa por centro e por grupos de idade é o seguinte:

EEI Milladoiro		45 prazas
CEP Ventín		45 prazas
CEIP A Maía	Infantil	45 prazas
	Primaria	45 prazas

A cobertura de prazas realizarase conforme ao estipulado no artigo 17 do Regulamento de funcionamento dos programas lúdicos do Concello de Ames.

4º.- Facer públicos a organización e os horario de entrega e recollida do Nadal Lúdico que se incorpora como anexo I a este Decreto. Estes horarios poden sufrir modificacións en función das necesidades organizativas dos servizos.

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Lucía Artime Alonso

HASH DO CERTIFICADO:
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732
440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
secretaria

NOME:
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS
Lucía Artime Alonso

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F98371975631214DB8



ANEXO I

ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR “NADAL LÚDICO 2025” DO CONCELLO DE AMES E HORARIOS DE ENTREGA E RECOLLIDA

A organización dos/s nenos/as que participan no Nadal Lúdico 2025 realizarase en base a unha ratio de 1 monitor/a por cada 15 nenos/as, excepto no caso de nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo onde a ratio será 1/1.

O límite de prazas do Nadal Lúdico definirase por grupo e por centro.

Os grupos establécense en función das idades dos nenos/as, polo que ás prazas que haxa nese grupo só poden ser ofertadas aos nenos/as que estean dentro dese grupo de idade concreto e dentro dese centro concreto.

RECOMENDACIÓNS XERAIS

- Non poderán participar no Nadal Lúdico 2025 o/a neno/a:

- Se ten febre, diarrea, vómitos, piollos, enfermidades contaxiosas...

- Os nenos e nenas deberán traer unha mochila ou bolsa que permita meter todas as súas pertenzas, unha botella de auga e algo para merendar a media mañá.

- As zonas onde se fai o lavado de mans estará dotadas de xabón e toallas de papel. Levarase a cabo unha hixiene de mans frecuente con auga e xabón e realizarase antes e despois das comidas e despois de ir ao lavabo.

- Utilizaranse desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrado polo Ministerio de Sanidade, respectando as indicacións da etiqueta para limpar as superficies

- Non está permitido traer xoguetes ou calquera outro obxecto de xogo da casa.

HORARIOS ESPECÍFICOS DE CADA CENTRO (estes horarios poden sufrir modificacións en función das necesidades organizativas dos servizos)

HORARIOS DA EEI MILLADOIRO:

Bos días: 7:30 - 9:00 Porta emerxencia comedor

Entrada: 9:00 - 9:30 Porta principal

Saída sen xantar: 14:00 - 14:30 Porta principal

Saída con xantar: 15:00 - 16:00 Porta principal

HORARIOS CEIP VENTÍN:



Bos Días: 7:30 – 9:00 Porta do comedor

Entrada: 9:00 – 9:30 Porta do pavillón (accédese dende a explanada para aparcar)

Saída sen xantar: 14:00 – 14:30 Porta do pavillón

Saída con xantar: 15:00 – 16:00 Porta do pavillón

HORARIOS CEIP MAÍA:

Bos Días: 7:30 a 9:00 Porta principal do comedor

Entrada: 9:00 a 9:30

Infantil: porta principal do comedor

Primaria: porta lateral do comedor (fronte ao patio cuberto)

Saída sen xantar: 14:00 a 14:30

Infantil: Patio cuberto (porta principal)

Primaria: Patio cuberto (porta lateral, acceso pola rampla)

Saída con xantar: 15:15 a 16:00

Infantil: Patio cuberto (porta principal)

Primaria: Patio cuberto (porta lateral, acceso pola rampla)

HASH DO CERTIFICADO:
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732
440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
secretaría

NOME:
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS
Lucía Artime Alonso

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F98371975631214DB8

